

Á quedada do mal tempo

Oírase falar aqueles días que un barco azul de maior arboradura que un trincado, ben estivado no castelo de proa de caucho e madeira de ébano, ó seu paso por terra do Mañoto, cara á estribor corréraselle a carga e, para endereitar a goleta, tiveran que desprenderse dunha parte de fardos de aquela tan prezada goma virxe.

Ombreaban as Albas e a Carraca apenas esfolaba.

Íase quedando o mar a ollo e os mascatos auguraban o bo tempo.

Saíran a tentar –acaso a travesía fixera atracar algún robalo ós secos-. Tomaran rumbo ó sur, ó socairo do Cabo e, ó pasar o Tordeiro ameazante e o infausto Socabo, arrostraban a vil Costa da Morte e a buceta suspiraba entre as rutías.

As mulleres erguéranse ben cedo a habilitar os chismes: as sedelas: torcidas e anoadas crinas de cabalo que trouxeran de véspera de Chaín e Certeghuas. Eles, á procura dalgún patelo ou urola que a resaca guindara cara á praia e que, ó fin, servirían para iscar os anzois fortemente atalingados ás grupas.

- Teremos que vogar contracorrente, dicía o máis sabido de bordo, -a auga corre a sur cando o mar baixa-.

- Emproaremos ese azoute infernal dos xaramiños aínda que nos cubran os salseiros, até alcanzar o Roque (un baixío ó noroeste do Centulo), pode que alí asomase algunha chasca.

Ó chegar ó destino, trala longa e pausada singradura; Chuco, o do Marragho, que vogaba dacarto, tomou os remos e Ramón, o de maior baquía, que portaba nas mans o guión de couse, aseverou as marcacións e ordenou lanzar os estrames polo costado de sotavento. Non se sentiu trabada, nin se asinara peixe.

Escrutou o horizonte. Subitamente, co seu lene aceno, moveu a gorra dunha banda a outra, apertou o cello para que o sol non reflectise a dor na súa vista, mirou ó lonxe e, ó pé da espuma sólida, na flor da auga, aboiaba o



ALEXANDRE
NERIUM


Alexandre Nerium
naceu en 1960 en

Fisterra co nome de Francisco Manuel López Martínez. En 2003 publicou "Vogar de couse", un fermoso libro de poemas asolagado polo mar de Fisterra. Agora en 2008 vén de referendar que a calidade da súa voz está chamada a perdurar. A editorial Sotelo-Blanco acaba de sacar á luz outro monllo de poemas: "Nocturnidade do sal". Nerium que naceu mirando ao Atlántico e traballou moitos anos de mariñeiro, sigue aniñando na alma o océano de Fisterra. Aquí vos ofrecemos a súa primeira incursión no relato curto.

LOCALIZACIÓN



GALERÍA



recendo da cálida incerteza. Devagar, fóronse aproximando e as pupilas abríronselle como saín no pélogo, como as ovas de polbo que espellaron da fondura o infortunio.

Esta iniciativa está patrocinada por:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS

Retomaron o rumbo, e case ó recalar na arnela da Ribeira, xunto á Pedra do Rei, escóitase a voz sinistra do patrón.

-Agochade os chalecos que alumean, no tambucho de proa, a ver se don Luís, o contramestre, váínolos comisar.

NOVO COMENTARIO

É preciso que te rexistres para poder participar en Vieiros. Desde a páxina de entrada podes crear o teu Vieiros.

Se xa tes o teu nome en Vieiros, podes acceder dende aquí:

Usuaria/o:
Contrasinal:

Enviar